

ÚNETE A NÓS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A reflexión da semana:

**FALTAN NO MUNDO TODAS AS
MULLERES ASASINADAS POR
VIOLENCIA DE XÉNERO**

Micromachismos



Son manifestacións sutís, que a miúdo nos pasan totalmente inadvertidas, de machismo. É un machismo subterráneo, que non fai saltar as nosas alarmas a maior parte das veces.




A parte máis profunda, a que non se ve do iceberg, é esa parte sutil, a dos micromachismos casi imperceptibles que é necesario eliminar para eliminar a desigualdade e a violencia

Pirámide da violencia/círculo da violencia



Nas relacións persoais e de parella nas que está instalada a violencia de xénero, ten unha estrutura circular, estudada e descrita pola psicóloga e activista Leonor Walker. Este ciclo é o ciclo da violencia de xénero, que ten 3 fases:



Tipos de violencia contra as mulleres

VIOLENCIA ECONÓMICA: son aquelas acción que buscan unha perda de recursos económicos /patromoniais mediante a limitación de acceso a propiedades, uso do diñeiro e de dereitos. É unha das viloencias máis comúns, incluso en países cun alto índice de desenvolvemento humano.

VIOLENCIA LABORAL: Onde se dificulta á muller o acceso a postos de responsabilidade laboral, ou se complica o desenvolvemento na empresa, ou a súa estabilidade laboral só polo feito de ser muller. Neste tipo inclúese o salario igual, os despidos o a non contratación.

VIOLENCIA INSTITUCIONAL: É a que funcionarios ou autoridades exercen dificultando, retrasando ou impedindo o acceso á vida pública, a adhesión a certas políticas e incluso a posibilidade de que as mulleres poidan exercer os seus dereitos.

VIOLENCIA PSICOLÓXICA: Pode darse en todo tipo de contextos, público e privado, si ben os máis común son a casa, a parella e a familia, e supón unha degradación como persoas o control das nosas acción e/ou decisión. Vai desde o acoso, restricción, humillación, manipulación, illamento, hostigamento. Produce danos emocionais perjudicando o noso desenvolvemento como persoas, levando incluso ao suicidio. Pode ser a porta de entrada hacia outras violencias como son a física e a sexual. E ás veces é moi difícil de detectar pola súa sutiliza inicial.

VIOLENCIA FÍSICA: Tradúcese nunha acción que provoca dano e sufrimento físico e afecta á integridade da persoa. É a máis evidente.

VIOLENCIA SEXUAL: Toda acción que ameaza o violenta o dereito dunha muller a decidir sobre a súa sexualidade e abrangue calquera forma de contacto sexual. Inclúe o acoso, a explotación o abuso e a intimidación, tanto dentro como fora do matrimonio.

VIOLENCIA SIMBÓLICA: É a que recolle os esteriotipos, mensaxes, valores e sinais que transmiten e favorecen que se repitan e manteñan as relación basadas na desigualdade, o machismo, a discriminación e a naturalización de calquera rol de subordinación das mulleres. É un dos máis difíceis de erradicar xa que ten ás raíces na colectividade e o feito da súa permisividade dalle máis forza: un chiste, un comentario, un xesto....

VIOLENCIA SOCIAL: É a que se basa na limitación, control e inducción ao illamento social da persoa, separándoa da súa familia e amigos, privándoa de apoio social e alonxándoa do seu entorno habitual.

VIOLENCIA VICARIA: É a violencia que se exerce sobre os fillos/as da parella ou ex parella co propósito de facerlle dano, agredindo, ameazando e incluso matando aos fillos/as. Tamén se considera cando as/ os menores observan o maltrato entre os seus proxenitores.

Suxestións audiovisuais



LONGAMETRAXES:

"Solo mía"

De Javier Balaguer

"En tierra de hombres"

De Niki Caro

CURTAMETRAXES:

"NO"

De Adrián Vereda

"Amores que matan"

De Iciar Bollaín



"Quíereme bien"

De Rosalind Penfold

Banda deseñada

"Mi marido me pega lo normal"

De Miguel Lorente Acosta

Editorial crítica

"Pillada por ti"

De Cristina Durán /Miguel A. Giner



"Salir corriendo"

Amaral

"Malo"

Bebe

"María se bebe las calles"

Pasión Vega

E tres poemas:

Mi nombre

Clara Chacón

Mi nombre,
No me llamas maltratada.
No me llames así.
Llámame siempre por mi nombre

(video poema : Mi nombre, violencia de género)

Os nenos olvidados, as nenas olvidadas

Adelaida Abad Isla

Unha pelota roda abandonada
o silencio invade o espazo
que se rompe en mil anacos
cando un neno berra pola
súa nai.

Dous disparos seguidos
presaxian o silencio desgarrador
que ven a continuación.

Todo seaparece.
Todo,
agás o desamparo.

Medo

Adelaida Abad Isla

Medo de saír de noite soa
medo do teu silencio constante
medo dos desprezos que me fas, xa sin pensalos
medo de que regreses e non ter o traballo rematado
medo de que deixes de quererme
medo de non te querer máis
medo da túa man sobre o meu lombo
medo de que os demais se den conta
medo da rutina silenciosa
medo do mar embravecido
medo de cantar e que non che guste
medo de vivir en soidade
medo de xogar e que non me busques
medo de respirar profundo e sentirme ceive
medo da rúa que me mira
medo da xente que me quere
medo do verme que me come por dentro
medo de escapar para sempre.